



Colexio La Salle
Rúa Pardo Bazán, s/n/
15406 Ferrol (A Coruña)

Tfno: 981318111
Móbil: 628737596
Fax: 981328177
E mail: info@lasalleferrol.es
Web: <http://www.lasalleferrol.es>

Estimadas familias:

Comunicámoslles as distintas actividades que imos realizar neste mes de decembro, antes da chegada das vacacións de Nadal.

Luns 11 de decembro: Reunión ás 16:00 h, no salón de actos, para explicar os pasos dados para a tramitación da **XORNADA ÚNICA** e explicación das actividades extraescolares ou obradoiros que se van desenrolar pola tarde, antes da votación das familias, que se realizará en xaneiro. **É IMPORTANTE A VOSA ASISTENCIA!**

Martes 12 de decembro: Reunión na biblioteca do colexio ás 16:30 h, para presentar unha experiencia de Inmersión Lingüística que organiza a actividade extraescolar de Inglés.

Venres 15 de decembro: Festa de Nadal de SalleJoven ás 16:00 h.

Luns 18 de decembro: Saída cultural de 1º e 2º EP ao Teatro Afundación. Panxoliñas compartidas entre Educación Infantil e a Escola Infantil.

Martes 19 de decembro: Saída de Educación Infantil á Residencia de Ancianos de Caranza para cantar unas panxoliñas, nun acto entrañable interxeracional.

Mércores 20 de decembro: Festival de Nadal de Educación Primaria ás 16:00 h, no salón de actos colexial, e reparto de alimentos recollidos na Campaña de Nadal, a Cáritas, á Cociña Económica, ao Refuxio (Hospital Juan Cardona) e ao Mencer (Hermanas Oblatas).

Xoves 21 de decembro: Visita das súas Maxestades de Oriente ao colexio e entrega das cartas feitas polos nenos/as. Entrega das notas da primeira avaliación.

Agradecemosvos de antemán a vosa colaboración coa Campaña de Nadal, que fai que cada ano sexa posible un Nadal mellor e mais solidario para todos. Esperemos que disfrutedes coas actividades que dende o centro se propoñen para descubrir a maxia do Nadal.

Despedímonos, non sen antes desexarvos unhas Felices Festas e un Próspero Ano Novo 2018, de parte de toda a Comunidade Educativa do Colexio La Salle. Bo Nadal!

Atentamente: O Equipo Educativo.

